

SOBRE A HOMOLOGACIÓN DA CATEGORÍA DE PSX

Real Decreto do Catálogo Homoxéneo de Equivalencias das Categorias do Persoal Estatutario.

Ante a información que publica unha asociación de PSX sobre as propostas que as organizacións sindicais fixeron chegar ao Ministerio de Sanidade, na tramitación do R/D do catálogo de homologacións, desde a CIG-SAÚDE queremos manifestar o seguinte:

Con data 15 de outubro de 2013 a CIG-SAÚDE fixo chegar ao Ministerio a seguinte alegación:

“ANEXO.

Catálogo homoxéneo de equivalencias das categorías profesionais dos servizos de Saúde C2 Persoal de Servizos Xerais

A categoría de Persoal de Servizos Xerais foi creada polo Decreto 160/1996, do 25 de abril, de configuración e introdución no Estatuto de persoal non sanitario das institucións sanitarias da Seguridade Social da categoría de Persoal de Servizos Xerais.

A categoría que se crea está recollida no Decreto 200/1993, do 29 de xuño, de Ordenación da Atención Primaria da Comunidade Autónoma de Galiza, que nos seus artigos 2 e 3 recolle que colectivo é persoal que presta servizos nas unidades e servizos de atención primaria.

Desde CIG-SAÚDE propoñemos que o persoal PSX só se homologue co persoal da mesma categoría, funcións e ámbito de prestación de servizo, que as recollidas no Decreto 160/1996.

Non é de recibo establecer unha homologación a outras categorías con funcións e ámbitos de prestación fora da Atención Primaria.”

Como era de agardar, o Ministerio de Sanidade non aceptou a alegación presentada pola CIG-SAÚDE.

Desde a CIG-SAÚDE non queremos homologar as categorías de PSX e Auxiliares Administrativos polas consecuencias que isto ten:

- Se hai unha homologación entre ambas categorías, establécese unha reciprocidade entre elas. Isto quere dicir que, nun concurso de traslados unha PSX podería acceder a unha praza de Auxiliar Administrativo do hospital ou un Auxiliar Administrativo do hospital podería acceder a unha praza de Atención Primaria.
- Isto provocaría a entrada no hospital dunha categoría polivalente, cousa que sempre rexeitamos. Todxs somos conscientes do que isto significaría, e a repercusión na diminución do persoal doutras categorías como celadorxs.
- Existe unha demanda real do persoal PSX por entrar nos hospitais a facer funcións polivalentes, incluídas as de celador/a?
- Ademais disto, nun concurso de traslados as prazas de PSX poderían ser ocupadas por Auxiliares Administrativos do SERGAS e do resto dos Servizos de SAÚDE.



Para a CIG-SAÚDE a categoría de PSX é unha categoría profesional de Atención Primaria, non de hospital. Seguiremos insistindo en que esta categoría teña a súa homologación só no ámbito da Atención primaria.